

# BABOLAT Cup 2014

SIGUE LA PISTA DE LOS CAMPEONES



Dami Edibson  
Raqueta Pure Drive  
Cordaje RPM Blast 125  
Zapatillas Propulse 4  
All Court W

[www.facebook.com/babolat](http://www.facebook.com/babolat)

**Babolat**

sigue esta competición en:  
[www.fgtenis.net](http://www.fgtenis.net)

# Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat 2014

[www.babolatcup.com](http://www.babolatcup.com)



XUNTA DE GALICIA  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

DEPORTE  
GALEGO

**Babolat**

**GADIS**

*Coca-Cola*

Trofeos  
**MARVI**

Zenit  
HOTELS

NH  
HOTELS



# Calendario

- ♥ 1ª Proba - Babolat Cup: Complexo Bamio - Fechas: 07-24/02/2014
- ♥ Campionato Galego Alevín: Squash de Santiago - Fechas: 01-09/03/2014
- ♥ Campionato Galego Cadete: CCD Sanxenxo - Fechas: 21-30/03/2014
- ♥ 2ª Proba: Club de Tenis O Rial - Fechas: 09-25/05/2014
- ♥ Campionato Galego Infantil: RSD Hípica - Fechas: 20-29/06/2014 (Act.)
- ♥ 3ª Proba: CCD Sanxenxo - Fechas: 30/06-06/07/2014
- ♥ 4ª Proba: Recreo Cultural A Estrada - Fechas: 14-20/07/2014
- ♥ 5ª Proba: Club Tenis Coruña - Fechas: 28/07-03/08/2014
- ♥ 6ª Proba: RSD Hípica da Coruña - Fechas: 04-10/08/2014
- ♥ Master do Circuito: C. Mercantil de Pontevedra - Fechas: 01-07/09/2014

# Regulamento

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat organizado pola Federación Galega de Tenis, disputarase nas categorías Alevín, Infantil e Cadete, masculino e feminino.

As sedes serán establecidas pola Federación Galega de Tenis. Poderán participar nel todas/os as/os xogadoras/es con licencia federativa en vigor pola RFET no ano en que se realicen as probas, nas seguintes condicións:

O Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat componse de:

- a) Seis torneos en cada categoría,
- b) Campionatos Galegos Alevín, Infantil (Manuel Alonso) e Cadete
- c) Babolat Cup e Master do circuito

A Federación Galega de Tenis resérvase o dereito de facer algunha modificación no regulamento de competición si así o estima oportuno.

**ENTRADAS:** Establécese un regulamento donde o sistema de entradas varía en función do número de inscricións, en base o seguinte cadro:

Regulamento de entradas e tamaño dos cadros				
Número de xogadores inscritos	8 a 32	Máis de 32	Babolat Cup	Ctos Galegos
Cadro Final	12	24	32	32
AD	8	20	24	24
Ranking Babolat	4	10	0	12
Ranking Nacional	4	10	24	12
Previa	MAX 24	aberta	aberta	aberta
Accesos de previa	4	4	8	8

1. O acceso os cadros seguirá as seguintes normas:

a) Todos os cadros estarán compostos:

- i. 50% polo ranking Babolat.\*
- ii. 50% polo ranking Nacional.

\* Na primeira proba as/os xogadoras/es aceptados directamente saen por clasificación nacional.

2. As/os xogadoras/es poderán inscribirse en dúas categorías como máximo e deberán xogar, se así o estima oportuno o Xuiz Árbitro, os partidos que correspondan a cada categoría nunha soa xornada.

3. Non poderán inscribirse nos Torneos do Circuito aquelas/es xogadoras/es que na mesma semana dalgunha das probas do mesmo, sexan convocadas/os para representar a Federación Galega de Tenis.

4. As/os xogadoras/es que non teñan licencia da Federación Galega, poderán disputar todas as probas do Circuito, a excepción dos campionatos galegos alevín, infantil, cadete e a Babolat Cup.

5. Calquera xogadora/or que xogue o Circuito poderá solicitar praza de Lucky Loser para o Master. As devanditas prazas seguirán a orde de clasificación e as normas establecidas para optar a ocupar o posto no caso de non presentación da xogadora/or clasificado.

6. Os criterios que se utilizarán para a organización do orden de xogo, serán:

- a) Dobrar no mesmo día.
- b) Organizar a orde de xogo para coordinar a disputa de dúas categorías.

Estes criterios poderán verse alterados pola organización, sempre que existan causas xustificadas.

**CABEZAS DE SERIE**

Regulamento cabezas de serie		
Cadro Final	8 a 23	24 a 32
Cabezas de serie	4	8
Ranking Babolat	1 e 2	do 1 ó 4
Ranking Nacional	3 e 4	do 4 ó 8

Sempre se tomará como referencia a última clasificación Babolat publicada.

\* Nos campionatos Galegos e na Babolat Cup os cabezas de serie designaos a Federación Galega de Tenis, a excepción do Campionato Galego Cadete que serán por Clasificación Nacional.

\* Os cabezas de serie da primeira proba serán por Clasificación Nacional.

\* A Federación Galega resérvase o dereito de facer as modificacións neste artigo se así o considera oportuno.

## SISTEMA DE PUNTUACIÓN

1. Campionatos Galegos e Babolat Cup

a) Cadros Principais a 3 sets

2. Resto das probas

a) 2 sets + súper tie break

## ARBITRAXE

1. Os clubs organizadores están obrigados a arbitrar desde semifinais en cada unha das probas. É obrigatorio cumprir os requisitos de arbitrxes e de non facelo serán excluídos durante os 3 seguintes anos do Circuito Xuvenil.

## SISTEMA DE CLASIFICACIÓN

1. As/os xogadoras/es participantes nas probas do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat obterán puntos circuito, segundo a tabla:

Regulamento de puntuación do Circuito				
Rolda	Fase Final	Fase Previa	Babolat Cup	Ctos Galegos
Campión	50	8	100	100
Finalista	40	6	80	80
Semifinalistas	30	4	60	60
Cuarto finalistas	20	2	40	40
Oitavos	15	1	30	30
Dezaseisavos	-	-	20	20

• O establecerse o tamaño dos cadros segundo o número de inscricións, non se puntuará no caso de que un xogador perda o seu primeiro partido (fase final ou previa).

• Puntuación fase previa: Contabilizarase por seccións.

1. Estes puntos ao finalizar o Circuito multiplícanse polo coeficiente que oportunamente decida a Federación.
2. A cantidade a repartir e de 8000€ en vales de material deportivo a trocar en calquera das tendas que se indicarán ao finalizar o Circuito e antes de comezar o Máster.
3. Para poder optar o Máster e os premios e obrigatorio participar alomenos no 50% das probas circuito (3).
4. A finalización do Circuito as/os 16 xogadoras/es mellor clasificadas en cada categoría, terán a opción de disputar o MASTER do Circuito Galego Xuvenil de Tenis Babolat onde se repartirán entre os participantes 4000€ en vales de material. Igualmente recibirán vales de material deportivo correspondentes aos seus puntos Circuito. Para iso deberán disputar obrigatoriamente o Master, en caso de non facelo e non confirmar a súa asistencia, o seu posto será ocupado polo 1º suplente e así sucesivamente ata completar as/os 16 xogadoras/es.

## SISTEMA DE PENALIZACIÓN

1. As/os xogadoras/es perdedores por WO serán penalizados:

- a) Cos puntos correspondentes a oitavos de final a 1ª vez, cuartos de final a 2ª e exclusión do Circuito por 3ª vez.
- b) En caso de non pagar a inscrición, está será reclamada na seguinte proba na que esté inscrita/o.

## PROGRAMACIÓN PROBAS

Toda a información da competición (bases, inscrición, orden de xogo, cadros, ...) estará publicada na páxina web da Federación Galega de Tenis [www.fgtenis.net](http://www.fgtenis.net)

COORDINADOR DO CIRCUITO: Carlos Coira Lojo - Contacto: [carloscoira@fgtenis.net](mailto:carloscoira@fgtenis.net) Teléfono: 667688432

Categoría <b>ALEVÍN MASCULINO</b>		Categoría <b>ALEVÍN FEMININO</b>	
	Euros		Euros
1º Clasificado	295,00 -€	1º Clasificada	295,00 -€
2º Clasificado	183,00 -€	2º Clasificada	183,00 -€
3º Clasificado	132,00 -€	3º Clasificada	132,00 -€
Categoría <b>INFANTIL MASCULINO</b>		Categoría <b>INFANTIL FEMININO</b>	
	Euros		Euros
1º Clasificado	295,00 -€	1º Clasificada	295,00 -€
2º Clasificado	183,00 -€	2º Clasificada	183,00 -€
3º Clasificado	132,00 -€	3º Clasificada	132,00 -€
Categoría <b>CADETE MASCULINO</b>		Categoría <b>CADETE FEMININO</b>	
	Euros		Euros
1º Clasificado	380,00 -€	1º Clasificada	380,00 -€
2º Clasificado	234,00 -€	2º Clasificada	234,00 -€
3º Clasificado	166,00 -€	3º Clasificada	166,00 -€

## CONTIA DE PREMIOS EN VALES DE MATERIAL DEPORTIVO BABOLAT

Os Campions e Subcampions do MASTER recibirán un trofeo da Federación Galega de Tenis